



# Rinlo



Concello de  
**Ribadeo**




**OFICINA DE TURISMO:**

**Enderezo:** Dionisio Gamallo Fierros, 7 · 27700 Ribadeo  
**Correo electrónico:** turismo@ribadeo.org  
**Teléfono:** 982 128 689

 [turismo.ribadeo.gal](http://turismo.ribadeo.gal)

 @TurismodeRibadeo

 @TurismoRibadeo

 @turismoderibadeo



GALEGO

Guía turística de **Rinlo**

# #RibadeoXNatural



Vista aérea de Rinlo

**Rinlo** es un puerto histórico de origen medieval que nació en uno de los pocos entrantes propicios de esta costa, la Ensenada de Areosa. Un puerto tradicional de pesqueros y en otro tiempo balleneros, con su cofradía de pescadores entre las más antiguas de España.

Presenta un conjunto abigarrado de casa marineras en calles estrechas que se protegen de los vientos, rodeadas de huertos que delatan la condición de marineros y campesinos de sus vecinos.



Casas tradicionais 📍

## Arquitectura 🏠

Vivendas de aquí e de ultramar

### Arquitectura tradicional

As casas tradicionais de Rinlo encóstanse unhas a outras, oriéntanse protexéndose do temporal e posúen cubertas a dúas augas. As casas de maior altura contaban cun lugar para almacenar as artes de pesca, mentres que outras dispoñían para iso dunha dependencia exterior parella á vivenda. Os hórreos anexos utilizábanse para almacenar as colleitas.

### Legado indiado

Entre as diversas mostras da pegada indiana, atópanse edificios financiados por emigrantes retornados, destacando a **Escola Unitaria**

promovida por Jesús Rodríguez Murias, natural de Rinlo e emigrado a Cuba. Tamén de principios do século XX é a **Casa de don Inocencio Vázquez Aguiar**, unha vivenda de gran altura ornamentada ricamente con motivos clásicos. Na cuberta recolle a tradición local dos **gurugús ou miradoiros acristalados** que caracterizan as casas dos comerciantes do s. XVIII.

Por ser o punto máis elevado de Rinlo e estar situado nas proximidades da liña de costa, o miradoiro da Casa de don Inocencio foi utilizado como faro, **o primeiro desa zona de litoral, sendo o primeiro faro do Cantábrico instalado nun inmoble privado e**, polo tanto, custeado polo propietario do edificio.



Cetaria do Foxo Longo 📍

## Cetarias 🌊

Lenguas vivas do mar

O consumo de marisco comezou a despegar no s. XIX da man da cociña burguesa inspirada na tradición francesa. Ao fío desta demanda intensificouse a súa captura e desenvóléronse instalacións de cría.

**En Rinlo construíuse, aproveitando un pequeno abrigo da costa, a primeira cetaria en 1904, destinada ao cultivo intensivo de lagosta e centola.**

Máis tarde chegaron outras dúas instalacións con maior capacidade produtiva. Trátase das cetarias de "O Porto", "A Insua" e de "Foxo Longo". Para coñecelas non hai máis que seguir o tramo do **Camiño Natural Roteiro do Cantábrico** que se dirixe dende Rinlo cara á Praia das Catedrais. .



+info sobre o **Camiño Natural Roteiro do Cantábrico**



Vista panorámica 📍

## Xeo-Ruta dos Ollos 🚶

Luces no cantil

**O embate do mar nos cantís de lousa e cuarcita erosiónaos formando illotes, arcos, covas mariñas e os chamados "ollos" ou "bufadoiros".**

Este é o nome que lle deron os pescadores locais ás estruturas circulares que aparecen na parte superior das zonas litorais e que permiten a entrada de luz nas covas; así, desde o mar parecen **ollos de luz** nas escuras paredes do cantil.

Percorrendo a **"Xeo-Ruta dos Ollos"**, de 2,5 km e de dificultade baixa, poderemos observar exemplos destas e outras interesantes formacións xeolóxicas do litoral.



+info sobre a **Xeo-Ruta dos ollos**

En Punta Corveira, punto final deste roteiro, chamada así pola presenza de **corvos mariños**, podemos observar un novo fenómeno xeolóxico, resultado da interacción entre o salsero mariño e os grans de minerais presentes nas rochas, dando lugar a unhas estruturas circulares a modo de "cazoliñas". Este fenómeno coñécese como **haloclastia**.



Festa do percebe 📍

## Festa do percebe 🦪

Lobas de mar

**No cantil de Rinlo é habitual ver a moitas mulleres xogándose a vida para arrincarlles ás rochas unha fonte de sustento imprescindible para a economía familiar, o percebe.**

Esta perigosa profesión era, e segue sendo, tradicionalmente feminina. Mentres os homes estaban nos barcos, ás veces ausentes durante meses, as mulleres marisqueaban e cultivaban a terra en hortos, moitas veces protexidos por muros de pedra para resgardar os cultivos do vento "Nordés".

Para exaltar este marisco celébrase anualmente entre os meses de xullo e agosto, en función das mareas, a **"Festa do Percebe"**, na que se pode degustar este crustáceo a prezos populares.

### Gastronomía

Para acabar a visita a Rinlo cun magnífico sabor de boca o mellor é probar o seu famoso percebe ou o afamado **"Arroz caldoso"** nalgún dos seus restaurantes. A gastronomía é un dos elementos diferenciadores desta pequena vila, na que os produtos do mar teñen un enorme peso.